

Poderá fraccionarse ou aprazarse o pagamento da débeda, tanto no período voluntario como executivo, coa petición dos obrigados cando a súa situación económico-financeira, discrecionalmente apreciada pola Administración municipal, impida transitoriamente, pagar os débitos. **Criterios e documentación:**

1. Atendendo á súa situación económica **DEBERÁ ACHEGAR OBRIGATORIAMENTE:** (artigo 42.7 Ordenanza Fiscal Xeral)

Persoas físicas:

- Copia da autoliquidación do imposto da renda das persoas físicas (IRPF). Caso de non poder achegar a dita copia, por non estar obrigado á súa presentación, a acreditación da percepción de ingresos xustificarase mediante os certificados de retencións expedidos polos pagadores dos distintos rendementos obtidos: ● certificado do INEM. ● certificado da pensión ● copia das 2 últimas nóminas recibidas
- Certificado da conta bancaria para a domiciliación.

Persoas xurídicas:

- Balance da situación e da conta de perdas e ganancias do último exercicio pechado.
- Orixinal ou copia, debidamente compulsada, do imposto sobre sociedades correspondente ao último exercicio económico pechado.
- Certificado da conta bancaria para a domiciliación.

Representación:

Cando se actúe en representación, esta acreditarase mediante a autorización expresa, no caso de persoas físicas, dispón dun modelo na web do Concello. Para persoas xurídicas ten que acompañarse da escritura de poder.

2. **Prazos:**

Agás nos casos debidamente xustificadas, non se concederán fraccionamentos ou aprazamentos para débedas cuxo importe principal sexa inferior a 150,25 €.

Os criterios para fixar o prazo máximo para aboar a débeda fraccionada oscilará en función do importe principal da débeda, con base a este criterio, establécense uns prazos máximos dentro dos que deberá aboarse a totalidade da débeda:

<u>Importe principal da débeda</u>	<u>Nº prazos</u>
A partir de 150,25 € ata 600,00 €	ata 6 meses
De 600,01 € ata 1 .500,00 €	ata 9 meses
De 1 .500,01 € ata 3.000,00 €	ata 12 meses
De 3.000,01 € en diante	ata 18 meses

O importe das fraccións resultantes non poderán ser inferiores a 50,00 € (art. 42.8) De

Para tributos de cobro periódico (recibos anuais por padrón fiscal) o prazo máximo non excederá de 12 meses.

O pagamento ou cargo en conta, no caso de domiciliacións dos fraccionamentos ou aprazamentos realizarase os días 5 ou 20 de cada mes, dependendo da data da súa concesión.

No caso de suxeitos pasivos que se atopen nunha situación económica precaria, circunstancia que será valorada e reflectida nun informe emitido polos Servizos Sociais do Concello, tanto o número de prazos como o importe das fraccións resultantes poderá modificarse.

3. **Garantías:** Rexiranse polo disposto no artigo 43 da Ordenanza Fiscal Xeral

Como regra xeral, o solicitante deberá ofrecer garantía en forma de **aval solidario** de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución.e por tempo indefinido. En todo caso achegarase coa solicitude o correspondente compromiso expreso e irrevogable da entidade de formalizar o aval necesario no caso de concesión do fraccionamento ou do aprazamento solicitado. A garantía cubrirá o importe principal e os xuros de mora que xere o fraccionamento ou aprazamento, máis un 25% da sumas de ambas partidas. Tanto para o caso de aval como do compromiso, o Concello dispón dos modelos correspondentes.

Non se esixirá garantía cando o importe principal da débeda sexa inferior a 6.000,00 €.

4. Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano de recadación, **denegarase as seguintes solicitudes:** (artigo 44.5 da Ordenanza Fiscal Xeral)

- a) As de reconsideración de aprazamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundadas, tendo como única finalidade demorar o cumprimento da obriga tributaria.
- b) As presentadas por contribuíntes que incumpran aprazamentos concedidos ou non formalizasen as garantías.
- c) As que correspondan a débedas illadas presentadas por contribuíntes que manteñen outras débedas co Concello de Oleiros sen regularizar.
- d) Se se trata de empresas mercantís, cando a base imponible para os efectos do Imposto sobre sociedades do último exercicio económico sexa superior a 6.000 €

5. **Lugar de información, tramitación e/ou pagamento:** Facenda Municipal. Unidade de Recadación sita na Avda. Francisca Herrera, 3 - 15173 Oleiros. recadacion@oleiros.org, Teléfono do contribuínte: 981.635.603

NOTA: A concesión de fraccionamentos ou aprazamentos obriga ao pagamento de xuros de mora. (artigo 45 Ordenanza Fiscal Xeral).

Para máis información consulte a Ordenanza fiscal xeral, artigos 41 ao 46, á súa disposición na páxina web do Concello www.oleiros.es. No seguinte enlace:

http://www.oleiros.org/c/document_library/get_file?p_l_id=301398&folderId=54268&name=DLFE-2301.pdf

O texto íntegro da citada Ordenanza publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), número 255 do 5 de novembro de 2008. Aprobándose as seguintes modificacións no seu articulado: Por Pleno de data 29 de setembro do 2011 modificáronse os artigos 11º, 42º e 58º, publicándose o texto íntegro dos mesmos no BOP Nº 241 de data 21 de decembro do 2011. Por Pleno de data 25 de setembro do 2012 modificouse o artigo 37º, publicándose o texto íntegro no BOP Nº 241 de data 21 de decembro do 2011. Por Pleno de data 27 de decembro do 2012 modificouse o artigo 107, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 61 de data 1 de abril do 2013. Por Pleno de data 29 de outubro do 2015 modificáronse os artigos 37 e 42, publicándose os textos íntegros no BOP Nº 244 de data 22 de decembro.

Outros enlaces que poden serlle de axuda:

Acreditación de representación:

http://www.oleiros.org/c/document_library/get_file?p_l_id=301415&folderId=54268&name=DLFE-2344.pdf

Compromiso de aval:

http://www.oleiros.org/c/document_library/get_file?p_l_id=301415&folderId=54268&name=DLFE-2345.pdf

Modelo formalización de AVAL:

http://www.oleiros.org/c/document_library/get_file?p_l_id=301415&folderId=54261&name=DLFE-20710.pdf

Solicitud de débedas en período voluntario:

http://www.oleiros.org/c/document_library/get_file?p_l_id=301415&folderId=54268&name=DLFE-2347.pdf

Solicitud de débedas en período executivo:

http://www.oleiros.org/c/document_library/get_file?p_l_id=301415&folderId=54268&name=DLFE-2348.pdf